

A negociación dun Novo Estatuto Marco, a oportunidade de acadar unha verdadeira clasificación profesional

No mes de setembro de 2022 iniciárase a negociación dun **Novo Estatuto Marco** no “Ámbito de Negociación” equivalente a nosa Mesa Sectorial pero a nivel do conxunto do estado, no que CIG-Saúde ten representación.

Esta negociación é a oportunidade para incorporar unha clasificación profesional adaptada as e os profesionais da sanidade pública.

A mera transposición do texto do artigo 76 do Estatuto Básico dx Empregadx Públicx (EBEP) ao texto do Novo Estatuto Marco non permite **adequar os grupos profesionais actuais á realidade das profesións sanitarias.**

No ano 2007 publícase o Estatuto Básico dxs Empregadxs Públicos, o devandito estatuto recolle no artigo 76 a clasificación do persoal.

No ano 2015 publícase a Lei de Emprego de Galiza, que ven a substituír a Lei da Función Pública Galega. A devandita Lei reproduce, por ser norma básica, a clasificación recollida no Estatuto Marco.

Desde CIG-SAÚDE denunciámos este artigo por non incorporar unha clasificación que recolla ás profesionais da sanidade. E **demandamos unha negociación dun Novo Estatuto Marco para ter unha clasificación propia, que recoñeza os requisitos de titulación, a formación sanitaria específica e a prestación do traballo que se realiza.**

A clasificación do EBEP non recolle a formación sanitaria especializada, e deixa ao persoal da sanidade nunha clasificación inferior á que lle corresponde por requisitos de titulación.

Propostas de CIG-SAÚDE para a clasificación das profesionais da sanidade nun Novo Estatuto Marco

Unha clasificación para todas as categorías.	⇒	Retribucións adaptadas á nova categoría.
Desaparición das agrupacións profesionais.	⇒	Requisito de titulación ESO.
Sistema retributivo específico da sanidade.	⇒	Modificación do R/D-Lei 3/87.
Unha nova clasificación do grupo A.	⇒	Creación dun único grupo A
Grupo A: retribucións comúns: Salario base + Trienios	⇒	Diferenza salarial nas retribucións complementarias, en función da prestación e dos requisitos de titulación. Recoñecemento da formación sanitaria especializada.

CIG-SAÚDE *informa*

Proposta de Clasificación CIG-SAÚDE. Atendendo ás actuais titulacións académicas

Grupo profesional	Requisito de Titulación
A	Titulación Universitaria
B	Técnicos Superiores de Formación Profesional
C1	Bacharelato, Formación Profesional Grao Medio
C2	Educación secundaria obrigatoria
Agrupacións Profesionais	Desaparición deste grupo e incorporación no grupo C2

Proposta de Clasificación CIG-SAÚDE para o Novo Estatuto Marco

Grupo Profesional ACTUAL	Grupo Profesional Novo Estatuto Marco	
A1	A	FEAS, Medicina Familia, Odontoloxía, Psicoloxía Clínica, Enfermería e as súas especialidades, Fisioterapia, Traballo Social, etc.
A2		
B	B	Técnicas/os Superiores Sanitarios, Administrativas/os, etc.
C1	C1	TCAE, PSX, Auxiliares Administrativas/os, Mantemento, etc.
C2	C2	Celadoras/es, Oficios, etc.
Agrupacións Profesionais		